

Exemplo de exercicio resolto

Comentario de paisaxes naturais

*Olo, non é que os comentarios teñan que ser sempre exactamente así. Podedes variar algo a estrutura e o contido (por exemplo, na clase apenas falamos dos solos), pero deste xeito xa vos facedes unha idea algo máis clara.



Esta fotografía amósanos unha paisaxe natural de vales entre montañas humanizado polo ser humano, como evidencian as casas, camiños e parcelas agrarias que se ven. O relevo montañoso, a vexetación de prados, así como o poboamento disperso e as pequenas parcelas que aparecen, lévanos a encadrar esta imaxe dentro da paisaxe oceánica propio da España atlántica.

Nesta paisaxe hai dúas realidades diferentes: altas montañas na parte superior da fotografía con pequenas masas arbóreas e unha ampla zona na parte inferior con prados e hábitat disperso. En torno a algunhas casas parece haber pequenas leiras cultivadas,

Os elementos naturais que aparecen na imaxe están dominados polo relevo con presenza de vales e montañas. O tipo de rochedo deber ser silíceo, ao non observarse ningunha das formas características da rocha caliza debidas á disolución polo efecto da auga. O modelado formou un relevo no que se alternan crestas suaves e redondeadas e vales máis ou menos profundos. Por todo isto podemos deducir que nos atopamos ante algunha cordilleira española xurdida a partir do

macizo herciniado primario, rexuvenecido durante a oroxénese alpina. Se a isto engadimos que a vexetación que aparece na fotografía é a típica da zona oceánica, no norte e noroeste de España, podemos deducir que estas montañas pertencen ao Macizo Galaico, en Galicia, ou á parte occidental da Cordilleira Cantábrica, en Asturias.

En canto á vexetación, dominan prados verdes de herbáceas propios do clima oceánico, que aparecen divididos en parcelas agrarias na zona de val, apreciándose unha liña arbolada na zona máis afundida (que podería ser un pequeno bosque de ribeira, se hai un río) e agrupacións boscosas nalgúñas ladeiras. Estes árbores parecen ser piñeiros, e en caso de que así sexa, sería unha vexetación secundaria, introducida polo ser humano, xa que os árbores máis característicos na vexetación clímax da zona serían os carballos (moi ben adaptados a este clima e aos solos silíceos).

Non se aprecia a presenza de cursos de auga nesta imaxe, pero poderíamos deducir a presenza dun cauce fluvial na zona máis afundida do val, flanqueada por árbores de ribeira. Este tería as características propias dos ríos da vertente cantábrica, é dicir, caudalosos, regulares e curtos.

Respecto ao clima, este dedúcese da vexetación da fotografía, asociada a un clima oceánico caracterizado polas súas abundantes e regulares precipitacións e as súas temperaturas suaves, xeradas pola proximidade ao mar. En canto aos solos, se temos en conta que é unha paisaxe oceánica e un rochedo silíceo, deben ser pardos húmidos, sobre todo nas zonas de menor pendente.

Nesta imaxe tamén podemos observar varios aspectos das interrelacións entre o medio natural e a actividade humana. Os asentamentos concéntranse no val, onde tamén se desenvolve a actividade agropecuaria, dificultando as pendentes as comunicacións (como demostran os tortuosos camiños). Precisamente, a zona de menor pendente foi a máis alterada polo ser humano coas súas obras (casas, estradas...). Nesta localización tamén inflúen condicionantes climáticos, xa que a maior altitude as temperaturas serán máis frías e, polo tanto, menos axeitadas para a vida e a maioría das actividades económicas humanas. Cabe sinalar a alteración da vexetación derivada da introdución dos piñeiros e da explotación dos bosques para obter materias primas (sobre todo, madeira). O resto do territorio é usado predominantemente como pastizal, xa que o solo pardo húmido é moi ácido para outros usos, aínda que estes usos favorecen o incremento da erosión do terreo, ao quedar case desprovisto de vexetación.